



02

Algunhas das actividades máis interesantes do verán na nosa bitácora

03

Lembramos a Virxilio Vieitez, o fotógrafo que radiografiou Galicia

ConfesoNario 06


Confesamos a Toquinho durante a súa visita a Compostela

07

As novidades musicais, literarias e videográficas no noso escaparate

criticArte 16

Don Quixote viaxa a Galicia da man da Orquestra de Cámara Galega



Os fotógrafos insospeitados

A exposición *Fotógrafos insospeitados. Celebridades detrás do obxectivo*, amósanos unha faciana diferente dos rostros máis famosos do momento, xa que eles son os protagonistas pero, por unha vez, dende o outro lado da cámara. Así nos descubren as súas inxedanzas. Pode ser visitada até o 14 de setembro no Auditorio de Galicia.

A CORUÑA

A Coruña

Exposición de debuxos de *Cousas da Vida*, de Castelao. Até o 7 de setembro. Fundación Caixa Galicia.

Exposición *O Retrato no Prado. De Goya a Sorolla*. Até o 7 de setembro. Sede Fundación Caixa Galicia.

Concerto de Chambao. 8 de agosto. Praza de María Pita.

Exposición *Siluetas danzantes. Animación e vangarda na obra de Lotte Reiniger*. Até o 7 de setembro. Fundación Luis Seoane.

Carnota

Concerto de Leilía. 8 de agosto, ás 20:00 horas. Campo do Viso. San Mamede.

Compostela

Exposición de pinturas de Juan Araújo. Até o 7 de setembro. CGAC.

Exposición de fotografías *Camiñar, Camiñamos...*, de Adolfo Enríquez, sobre as Rutas Xacobeas. Até o 21 de setembro. Museo das Peregrinacións.

Exposición do proxecto *Situación*, co que o CGAC conmemora os seus 15 anos de vida e no que participan artistas galegos novos. Até o 7 de setembro. CGAC.

Instalación sonora *Argot, labirinto sonoro*, de Concha Jerez e José Irges. Até o 31 de agosto. Terraza do CGAC.

Exposición *Fotógrafos insospeitados. Celebridades detrás do obxectivo*, de fotografías sacadas por artistas de fama mundial de distintas disciplinas. Até o 14 de setembro. Sala Isaac Díaz Pardo do Auditorio de Galicia.

Exposición *Titiritione*, de Juan Ugalde. Até o 30 de setembro. Galería Trinta.

Oleiros

Concerto de Renato Spencer & Café CaXaça. 10 de agosto ás 21:00 horas. Santa Cruz.

LUGO

Lugo

Concerto de folc a cargo de *Kimuru*, que presentará o seu disco *Piedras y confetis*. 10 de setembro, ás 21:00 horas. Parque de Rosalía de Castro *Vellos Oficios Vivos*. Demostración in vivo de oficios tradicionais. Todos os sábados, de 11:00 a 15:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas. Praza Maior

Foz

Concerto de folc tradicional a cargo de Brath. 9 de agosto ás 23:50 horas. Paseo da Ribeira.

Monforte

IV Seminario de música moderna e improvisación de Monforte de Lemos. Do 18 ao 23 de agosto.

Conservatorio Profesional de Música Mes tre Ibáñez.

Festival de Jazz *Novas músicas*. Actuarán. Ara Malician e José Luis Montón (18 de agosto, 22:30 horas, Edificio Multiusos); Vi-gop Quartet (20 de agosto, 22:30 horas, Praza de España); Lemos Jazz Experiencia (21 de agosto, 22:30 horas, Praza de España); Jerry González Band (22 de agosto, 22:30 horas, Edificio Multiusos); Joshua Edelman Trio de Jazz Latino (23 de agosto, 22:30 ho-



As siluetas danzantes de Lotte Reiniger

Siluetas danzantes é un proxecto que percorre a traxectoria vital e artística da cineasta alemá Lotte Reiniger, que inclúe material orixinal (escenografías, *storyboards*, bocetos, etcétera). A mostra, que pode ser visitada na Fundación Luis Seoane até o 7 de setembro, inclúe a proxección dalgunhas películas, como *As aventuras do Príncipe Ahmed*.

ras, Praza de España); e Calixto Oviedo Band (24 de agosto, 22:30 horas, Praza de España)

Rábade

Espectáculo de maxia e ilusionismo a cargo do Mago Pablo. 16 de agosto ás 21:00 h. Praza de España.

OURENSE

Ourense

Exposición de pinturas de Xulio Prieto Nespereira. Museo Municipal. Permanente.

Actividades de verán (obradoiros, rutas termais e ambientais, xogos relacionados coa natureza, charlas, teatro ecolóxico...). Até o 1 de setembro.

A maxia de Cayetano Lledó

O Cabaret dos números descartados, da compañía de Cayetano Lledó, recolle os diferentes números de grandes e famosos artistas do espectáculo que por diversas e particulares razóns foron descartados no pasado. Un selecto elenco de personaxes do mundo do cine e do espectáculo unidos co único cometido de sorprendere e facer rir, empregando para elo a máis misteriosa das ferramentas: a Maxia. Cayetano está de xira por toda Galicia: atento á túa vila.



Aula da natureza.

Melón

Concerto de funk-fusión experimental a cargo de Álvaro Muras. 9 de agosto, ás 22:00 horas.

Allariz

Espectáculo *Creacións máxicas* a cargo do Mago Antón. 20 de agosto ás 00:00 horas. Café-cultural Roi Xordo.

Espectáculo *O Cabaret dos números descartados* a cargo de Cayetano Lledó. 21 de agosto ás 00:00 horas. Café-cultural Roi Xordo.

Ribadavia

Exposición *Os catro elementos*, sobre a responsabilidade do ser humano no deterioro do medio ambiente. Até o 21 de novembro. Museo Etnolóxico.

PONTEVEDRA

Pontevedra

Exposición *O espello cotián I*. Até o 12 de outubro. Fundación Caixa Galicia.

Bueu

Exposición *Percorrendo a historia da navegación*, de 90 modelos náuticos cos que ilustra a evolución da técnica náutica ao longo dos séculos. Até o 30 de decembro. Museo Massó.

Nigrán

Concerto de Renato Spencer & Café CaXaça. 8 de agosto, ás 22:00 horas. Praia América.

Vigo

Exposición *Paixóns Privadas, Visións Públicas*. Até o 7 de setembro. MARCO.

Exposición *Onde o mundo se chama Terranova*, sobre a vida nos bacallaeiros galegos. Até o 21 de setembro. Museo do mar.

Exposición *O espello cotián II*. Até o 12 de outubro. Fundación Caixa Galicia.


Vilagarcía

Concerto de Perez. 19 de agosto. Recinto feiral de Fexdega.

Concerto de Los Suaves. 20 de agosto. Recinto feiral de Fexdega.

Concerto de Pablo Milanés. 22 de agosto. Recinto feiral de Fexdega.

Virxilio Vieitez na memoria



j.a._cascudo

Morreu Virxilio Vieitez, un dos últimos representantes da caste dos fotógrafos rurais: oficio que radiografou a Galicia do século XX. O retrato foi o xénero ao que consagrou toda a súa carreira, desde a década dos cincuenta. O carácter errante da profesión motivou que Vieitez substituíse a ampulosidade do traballo en estudio polo principio ecolóxico de amosar aos clientes no seu ámbito natural.

Vieitez non escapaba á carestía xeral da postguerra; os medios cos que contaba eran escasos e a miúdo tiña que improvisar *in situ* para a elaboración das fotografías. O minimalismo escenográfico das súas obras deixa constancia dunha eficaz xestión dos recursos que tiña a man: unha corredeira, unha horta ou as vivendas dos modelos servían como pano de fondo, a compañía de animais ou pertenzas domésticas axudaba a configurar a dimensión psicolóxica dos retratados. Co paso do tempo Vieitez vai adquirindo un dominio da técnica e un estilo que deriva cara un clasicismo marcado pola disposición frontal dos personaxes e unha sobria simetría entre os elementos do cadro.

As fotografías de Vieitez esconden o halo fantasmal da emigración masiva, un feito que marcaba a fogo a bisbarra de Terra de Montes, de onde era natural. A moitas das imaxes do seu arquivo agardáballes un destino transoceánico, informaban de sucesos acaecidos na aldea: desde funerais a adquisicións realizadas cos cartos enviados polos parentes de América (como a célebre fotografía da anciá coa radio). Outras obras deixaban testemuña da riqueza e ostentación dos indios, posando fachendosos a carón dos seus *haigas*.

A estética austera de Virxilio Vieitez fascina á modernidade xa que a súa falta de pretensións afástao da impostura propia do artista burgués, excesivamente inclinado cara os aspectos pintorescos da realidade. A súa obra alcanza a excelencia; polo seu valor documental e pola intensa humanidade que destila é depositaria da nosa memoria colectiva.





Sen fronteiras co Magreb


A Bienal de Pontevedra presenta a arte magrebí na súa XXX edición

edacción

A Bienal de Arte de Pontevedra chega este ano á súa trixésima edición co obxectivo de crear un irmanamento entre artistas hispanos e magrebís. *Sen fronteiras. Convergencias artísticas hispano-magrebís*, que así se denomina a mostra, pretende ofrecer unha reflexión, confrontada coa hispana, sobre a realidade artística actual dos tres países centrais do Magreb (Alxeria, Marrocos e Tunisia), tan próximos a nós fisicamente e á vez tan pouco ou tan mal coñecidos.

Sen fronteiras é un proxecto novo no seu alcance e significación que non xorde como froito do azar. Centrado en cuestións que a todos preocupan no momento actual (emigración, interculturalismo, globalización, etcétera), vén ser, en realidade, unha continuación das ideas, interesadas en propiciar o diálogo interterritorial, superador de visións localistas, que definiron a súa conformación nos últimos tempos e, en particular, na edición máis recente, a de 2006, que tivo como aglutinante á emigración en canto fenómeno de longo alcance sobre o que descansaba a densa relación existente entre Galicia e os países que integran o Cono Sur americano (Arxentina, Chile e Uruguai).

En consonancia con este precedente, a cita de 2008, ao optar por un ámbito ata agora non contemplado nos seus intereses, o norteafriano, partindo dos vínculos históricos existentes entre os territorios aludidos, a Península Ibérica, non só España, e o Magreb central, moi próximos desde o punto de vista xeográ-





fico, e tendo en conta tamén da significación que unha e outro posúen, particularmente evidente na actualidade, como límite ou fronteira entre dous continentes ou, mellor, entre dúas tradicións socioculturais e relixiosas moi distintas, chamadas inevitablemente a interrelacionarse (así veu sucedendo, para non remontarnos máis atrás, desde a Idade Media), tomará xustamente como argumento esencial de reflexión esa situación paradoxal, o contraste dun lado, e a fusión cultural, doutro, propiciada esta última hoxe polo transvasamento de persoas, ideas e formas inherentes ou consubstancial a un mundo globalizado.

A constatación, a medida que se ía desenvolvendo o proxecto, de que na esfera artística, máis aló das incuestionables e ineludibles coordenadas espazo-temporais de cada un, hai un substrato común, conceptual e metodolóxico, que emparenta as creacións á marxe de procedencias ou proxenies físicas, soporte formais e crenzas, está na raíz do título desta Bienal, unha denominación que resume actuacións de hoxe e que, por iso mesmo, debería servir tamén para abrir novos horizontes.

As ideas xerais ata aquí glosadas ofrecéronse como marco teórico de reflexión aos vinte e nove artistas (dez marroquís, sete españois, seis alxerinos e outros tantos tunisianos) seleccionados, partindo das súas específicas traxectorias e, conseguintemente, da súa afinidade vital e profesional coa proposta.

As respostas de todos os artistas, preparadas especialmente para a Bienal,

confiren a esta un valor suplementario nada desdeñable: é nela onde por primeira vez confírese, nun certame europeo destas características (probablemente ata o galardón osténte en termos mundiais absolutos), un protagonismo tan destacado á arte máis recente e internacionalmente homologable dos tres países centrais do Magreb. Presentados os traballos seleccionados desde a súa esencia, isto é, ofrecidos con visión propia, non mediaticizada por lecturas alleas (lexítimas, en todo caso), e, á vez, exhibidos en *amigable confrontación* ou, se se prefire, en diálogo aberto con creacións de artistas españois do seu mesmo tempo e idénticas inquietudes formais e/ou teóricas, esta Bienal, como veu ocorrendo con todas as súas edicións e moi en particular coas máis recentes, haberá de ser tomada desde agora como un modelo de inescusable invocación no seu ámbito concreto de referencia.

A maior parte dos artistas elixidos teñen entre 30 e 40 anos, excedendo eses límites algúns tanto por exceso como por defecto. Esta formulación interxeracional debe entenderse, no caso dos artistas máis novos, como un referendo da súa traxectoria e unha aposta polo seu futuro; no dos maiores, como un recoñecemento á solidez das súas formulacións, valiosos non só polo que intrinsecamente significan, senón tamén por ser referentes de imprescindible invocación nos seus respectivos territorios. Este sería o caso de Khalil El Ghrif (Marrocos), Omar Meziani (Alxeria) ou Xosé María Freixanes (Galicia).





Toquinho, músico

Toquinho e María Creuza evocaron os mellores momentos da bossa nova no concerto ofrecido en Santiago, dentro das Festas do Apóstolo, cando se cumpren 50 anos deste movemento musical brasileiro. O espectáculo serviu para renderlle homenaxe a Vinicius de Moraes e lembrar o mítico disco de *La Fusa*, promovido polo poeta hai xa 38 anos.

“A lección de Vinicius de Moraes foi a de deixar que a vida nos leve”

-COMO SE SENTE SOBRE O ESCENARIO CON MARIA CREUZA E SEN VINICIUS DE MORAES?

-Vinicius morreu hai xa 28 anos, e para min é unha satisfacción lembralo dese xeito, sinxelo. A ausencia de Vinicius non é unha novidade. De calquera forma, é unha persoa que podería estar con nós e el sempre é lembrado dun modo moi bo, porque as cousas que fixo convertérono en eterno. É como se seguise aí porque as súas obras non morreron, nin tampouco a súa personalidade, as súas frases, o seu comportamento, que están entre nós. Realmente, o espectáculo é unha festa, non ten ningunha nostalgia. O show non fala só do noso encontro, aínda que conmemora o aniversario do disco de *La Fusa*, cada un de nós ten a súa parte diferenciada dentro do espectáculo. Tamén falamos un pouco da nosa relación con ese pasado recente.

-CAL FOI A LECCIÓN MÁIS PROVEITOSA QUE TIROU DE VINICIUS?

-Deixar que a vida nos leve, pero no fondo, pretender levar nós a vida. A vida lévanos para onde quere ela, e despois vemos o que pasou. É un pouco iso, a aura de cosmonauta que tiña el.

-ESTE ANO TAMÉN SE CELEBRA O 50 ANIVERSARIO DA BOSSA-NOVA, QUE TAL LLE TANTAN OS ANOS?

-Ben, eu non participei no movemento da bossa-nova, son un fillo dela, como toda a miña xeración. Tiven a satisfacción de convivir con moitos artistas da bossa-nova, aínda que tiñamos unha diferenza de idade moi grande, el tiña o dobre da mi-



ña idade cando comezamos a traballar. Tiven unha amizade con toda a xente da bossa-nova, quizais son o único da miña xeración que fixo iso. Para nós os 50 anos é unha ocasión de conmemoración, porque somos resultado da bossa-nova.

-E ENTRE OS NOVOS MÚSICOS BRASILEIROS, EXISTE UN DIÁLOGO COS PAIS DA BOSSA-NOVA?

-Creo que todo o mundo gravou algo coa atmosfera bossanovista ou vai facelo. Creo que é parte dun *boomerang* mundial, non ten unha exclusividade brasileira. Os músicos americanos fan bossa-nova dende hai moito tempo.

-TIVO OCASIÓN DE TOCAR MÚSICA BRASILEIRA PRACTICAMENTE POR TODO O MUNDO, CALES SON AS MAIORES ACHEGAS QUE RECIBIU DA MÚSICA DOUTROS PAÍSES?

-De todo queda un pouco. Fai pouco, por exemplo oín cousas que nunca oír

de Camarón de la Isla no *Youtube*, e sempre te inflúe todo o que pasa por ti, se é bo. Queda un pouco de cada lugar.

-VOSTEDE É AUTOR DUNHAS 300 CANCIÓNS, CANTAS HORAS LLE DEDICA AO DÍA A COMPOÑER?

-A compoñer, non, a tocar a guitarra si. Compoño máis cando teño que facer un disco, e teño moita facilidade para facelo, así que lle dedico o tempo xusto. Gústame máis tocar a guitarra.

-TÓMASE VACACIÓNS?

-Non, abúrrenme un pouco as vacacións, sempre teño ganas de tocar, e como a miña vida é unha mestura de vacacións e traballo, creo que vai todo un pouco xunto.

-CALES SON OS PRÓXIMOS PROXECTOS?

-Estou preparando un disco con Antonio Skármeta, con 12-13 cancións en castelán, el fai as letras e eu a melodía. Vou facer tamén un disco novo cun cantante de rock moi coñecido en Brasil, tocando cancións brasileiras dunha forma moi moderna. E tamén estou pensando nun disco infantil, pero aínda debo desenvolver a idea, que é moi especial, porque os discos que fixen para nenos tiveron moito éxito.

-QUE LEMBRANZAS TEN DE GALICIA?

-Teño amigos acá, teño situacións boas e volver a Galicia sempre é algo moi especial, e teño moitos recordos particulares.

dando no cravo

-UN DOS SEUS MAIORES ÉXITOS FOI *AQUARELA*, DE QUE CORES PINTA O PRESENTE?

-De todas. Hai momentos nos que a vida é moi fea e noutros é belísima. Unha persoa non pode estar totalmente feliz se hai tanta fame en África, pero todos temos momentos de felicidade. Creo que a vida ten todas as cores que ten o arco da vella, basta pintala e facer que as cores saian, é un desafío que temos todos os días, de sobrevivir cada día a tantas situacións e é unha obriga para nós que o camiño sexa un pouco máis agradable. Nada sucede sen facer nada, a felicidade hai que traballala. As cores están aí, somos nós os que temos que pintar.

Som do Galpón_Som do Galpón_Regueifa

A plataforma na rede A Regueifa vén de editar o primeiroi EP da banda compostelá Som do Galpón, un quinteto que mistura sen contemplacións o rap e máis funkí con pinceladas de reggae, mentras que de fondo se sinte "o late-xo dunha idea que consistía en apoiar toda a nosa música sobre bases totalmente instrumentais. É dicir, pretendíamos dar un paso máis no panorama musical que vivimos neste S.XXI (era das máquinas) deixando de lado as producións electrónicas", segundo as súas propias verbas.



A calidade do grupo vén avalada polo segundo premio no certame GZcrea-2007 e o primeiro no IV Concurso Galego do Foundation Reggae Festival. Se queres comprobar por ti mesmo, o disco contén seis temas e pode ser descargado de balde dende a páxina de A Regueifa.

Los Piratas_Disco duro_Warner

Disco duro é o título co que a banda vi-guesa Los Piratas nos presenta o recopilatorio definitivo do seu traballo. Un título axeitado, xa que o paquete se nos presenta nunha caixa na que se recollen os seis discos oficiais desta formación, así como diverso material que, de seguro, vai facer as delicias dos moitos seguidores que deixaron tras de sí: fotografías, videoclips, maquetas, recortes de prensa, temas inéditos... E ata un documental de arredor de dúas horas de duración sobre o grupo, realizado polo que fora o seu guitarrista Paco Serén.



Ao mesmo tempo aparece no mercado unha versión reducida da colección, resumida nun só CD coas súas mellores gravacións e un DVD con algúns dos videoclips máis interesantes da súa traxectoria.

escaParate

novidades

audiovisual



J.E.N.D. José Ernesto Díaz-Noriega_Marcos Nine_Curtametraxe biográfica

Entre os pioneiros da videocreación en Galicia atopamos a figura de José Ernesto Díaz-Noriega, barcelonés de nacemento e coruñés de adopción, un dos máis salientables precursores desta arte na Galicia dos anos 30. Marcos Nine rescata esta figura do esquecemento a través dunha curtametraxe de carácter biográfico de apenas 16 minutos, segundo paso logo de *Pensando en soledad*, no que facía un repaso á súa filmografía.

libros

Manuel Rivas_Os Grouchos_Xerais

Este libro convoca a unha odisea libre-pensadora, a unha ecoloxía da liberdade, que ten como porto de partida a Galicia de hoxe, entendida como un local universal, o país portátil, unha identidade sen paredes. *Os Grouchos* son un urdido de literatura e heterodoxia. Unha denuncia contra os vellos e novos muros de silencio, mais tamén unha viaxe á procura das "faiscas da esperanza" das que falou Walter Benjamín. Manuel O'Rivas reivindica, na modernidade, a ollada do "home rebelde" de Camus. E na tradición lendaria, o espírito dos trasnos "meniñeiros", os seres invisíbeis que transmiten a herdanza do saber rir. O resultado é un libro que morde contra a estupidez, como pedía Kafka, e que abre os cadeados coa chave do humor. Ler *Os Grouchos*? O autor cita un proverbio popular: "Quen lle teña medo ao mar que non embarque!"



Aana Acuña_ "Diccionario" de X.M. Álvarez Blázquez_3C3

Ana Acuña, estu-dosa da obra de X. M.ª Álvarez, preséntanos neste manual da colección "Diccionario" (a dedicada ós autores das letras galegas), e a través das diferentes "entradas" perfectamente clasificadas, un completo estudo, con todos os datos e a análise debullada da súa obra, sobre a escritor ó que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2008.



Conta ademais con cadros sinópticos, recursos e actividades para traballar cos alumnos na aula (tanto cos de primaria como cos de secundaria), selección de textos e sección de imaxes.

O poético limiar é da académica Luz Pozo Garza.



a.pedreira

Non consta que na obra de Cervantes, o Cabaleiro Andante cruzase o Padornelo, pero o da Triste Figura acaba de chegar á nosa beira da man da Orquestra de Cámara Galega en forma de ópera.

Decátese o lector de que estamos a falar da ópera en dous actos "Don Chiscote", do compositor sevillano Manuel García (1775-1832), recentemente gravada pola Consellería de Cultura da Xunta de Andalucía, baixo a batuta do madrileño Juan de Udaeta. E iso, tendo en conta a alta calidade das orquestras sinfónicas existentes na comunidade andaluza, significa algo. Significa que os intérpretes galegos están abrindo paso nun mercado difícil. Significa que, aos poucos, imos esquecendo que nos atopamos neste bendito recuncho do mundo e que somos capaces de codearnos con quen se nos poña por diante.

A Orquestra de Cámara Galega, en colaboración co Coro Intermezzo, e tamén baixo a dirección de Udaeta, xa foi responsable da estrea desta ópera, esquecida durante tanto tempo. Logo dunha extensa xira por toda a península, remataron cunha actuación no Teatro da Maestranza de Sevilla, concerto recollido neste dobre CD que agora ve a luz.

O resultado deste traballo resulta abraiante. Unha excelente presentación, un completo libro de notas en varios idiomas e, sobre todo, unha calidade de son de primeira, sobre todo se temos en conta que no estudo apenas houbo retoques.

Conviría que os que toman as decisións neste país lle botasen unha ollada ao disco, tivesen unha amena charla con este Chiscote que nos toca tan de cerca, e comezasen a realizar traballos tan interesantes e tan ben rematados coma este.

